

INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DA OFICINA XUDICIAL EN GALICIA

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, en relación co anteproxecto de decreto polo que se regula a estrutura e organización da Oficina Xudicial en Galicia, emítense o seguinte,

INFORME

1. Marco normativo e competencial

A Lei Orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de reforma da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, (en diante LOPX) estableceu as bases para a definición dun novo modelo organizativo de oficina xudicial que trata de dar resposta á necesidade de dotar a xulgados e tribunais duns métodos e dunha organización áxil e transparente, axustada ás necesidades dunha sociedade moderna.

A Lei Orgánica 19/2003 establece un mandato ás administracións públicas competentes para que procedan á implementación desta nova organización baseada nos criterios de axilidade, eficiencia, accesibilidade, transparencia, atención adecuada e xestión da calidade, que caracterizan ás organizacións de servizo modernas.

De acordo co disposto no artigo 437 da Lei orgánica do poder xudicial, as unidades procesuais de apoio directo asisten directamente a xuíces e maxistrados, e correspóndelle ao Ministerio de Xustiza a determinación das súas dotacións básicas, regulación esta que se produce pola Orde XUS/3244/2005, do 18 de outubro, modificada pola Orde XUS/76/2014, do 28 de xaneiro, sen prexuízo de que as comunidades autónomas con competencias asumidas en materia de xustiza poidan establecer maior dotación ca o mínimo establecido.

O artigo 438 da LOPX dispón que o Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas nos seus respectivos territorios, serán competentes para o deseño, creación e organización dos servizos comúns procesuais, con funcións de rexistro e reparto, actos de comunicación, auxilio xudicial, execución de resolucións xudiciais, xurisdición voluntaria, mediación e ordenación do procedemento. Tamén prevé a posibilidade de crear servizos comúns procesuais para atender



necesidades específicas, a petición das Salas de Goberno e Xuntas de Xuíces, e a creación doutros que asuman funcións diferentes ás anteriores, para o que sería necesario o informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia o deseño, creación e organización dos servizos comúns procesuais en virtude das competencias transferidas á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de medios ao servizo da Administración de xustiza, a través do Real Decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza, do Real Decreto 2397/1996, do 22 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de medios persoais ao servizo da Administración de Xustiza e do Real Decreto 233/1998, do 16 de febreiro, sobre ampliación de funcións, servizos e medios traspasados polos Reais Decretos 2166/1994, de 4 novembro e 2397/1996, de 22 de novembro, en materia de provisión de medios persoais, materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza, á Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Necesidade e oportunidade

A Nova Oficina Xudicial xorde da necesidade de modernizar a Administración de Xustiza a través dunha reorganización integral que, baseada na optimización dos recursos persoais e materiais, a definición de procesos eficientes e a incorporación das novas tecnoloxías, permita mellorar a calidade do servizo prestado ao cidadán así como a dotación dunha maior axilidade e transparencia.

3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA)

Así, a Dirección Xeral de Xustiza, centro directivo impulsor remitiu ao Servizo Técnico Xurídico o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:



- Unha memoria explicativa (artigo 41.2.a da Lei 16/2010, do 17 de decembro).
- Unha memoria económica (artigo 41.2.b da Lei 16/2010, do 17 de decembro).
- Unha táboa de vixencias (artigo 41.2.d da Lei 16/2010, do 17 de decembro).
- Acta da Mesa Sectorial de Xustiza.
- Informe do director xeral de Xustiza do 19 de novembro de 2015 respecto das alegacións efectuadas polas organizacións sindicais (OOSS) ao anteproxecto de decreto.

Así mesmo consta o acordo previo de inicio do procedemento de elaboración da dita disposición asinado pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (art. 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigos 41.2 c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, este publicouse na páxina web da Consellería, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Posteriormente o Servizo Técnico-Xurídico solicitou os informes dos órganos e unidades administrativas que debían pronunciarse sobre o texto do proxecto.

Na tramitación do proxecto e ao abeiro do disposto no artigo 561 da Lei Orgánica do poder Xudicial, solicitouse informe ao Consejo General del Poder Judicial. Así mesmo deuse traslado á Sala do Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do texto do proxecto para o seu coñecemento.



Resultou preciso solicitar un informe económico-financeiro da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e un informe sobre as cuestións de legalidade e técnica normativa da Asesoría Xurídica Xeral.

Ao tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral que puidera ter repercusións en cuestións de xénero ao abeiro do artigo 8 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade entre homes e mulleres e do artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, resultou preciso requirir informe sobre o seu impacto de xénero

Así mesmo e conforme co artigo 42.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, dado que o proxecto afecta aos dereitos ou intereses lexítimos de determinados grupos, neste caso o persoal ao servizo da administración de xustiza, o órgano tramitador, o Servizo Técnico Xurídico, someteu o proxecto á audiencia dos sindicatos CC.OO, SPJ-USO, UGT, CSIF, CIG, AXG-CUT, STAJ, das asociacións profesionais de xuíces e secretarios xudiciais , así como do resto de Consellerías da Xunta de Galicia.

Consta no expediente o informe da Secretaría Xeral da Igualdade sobre as alegacións formuladas durante os trámites de audiencia e exposición pública. Recibíronse alegacións das seguintes entidades: SPJ-USO, AXG-CUT, STAJ, UGT, CIG, CC.OO. e a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda.

O 22 de decembro de 2015 a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o preceptivo informe sobre o proxecto de decreto.

O 5 de abril de 2016 o Consejo General del Poder Judicial emitiu informe favorable sobre o proxecto de decreto.

O 8 de xaneiro de 2015 a Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia emitiu informe sobre este proxecto normativo realizando unha serie de recomendacións que foron aceptadas e incorporadas ao texto final do proxecto de decreto.

O 30 de maio de 2017 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu informe favorable sobre o proxecto de decreto.



Finalmente, o 28 de agosto de 2017 a Asesoría Xurídica emitiu o correspondente informe no que realiza unha serie de observacións, tanto de técnica normativa como respecto ao contido do articulado, as cales foron aceptadas e incorporadas ao texto final do proxecto de decreto.

4. Legalidade

O proxecto someterase a aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co dito artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

De acordo co indicado, e logo da proposta elevada pola Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, considérase que este proxecto de Decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente o mesmo.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

A secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza